

# Maio 2015



## Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa

Declarado de Utilidade Pública

### Xosé Filgueira Valverde Dia das Letras Galegas 2015



Nado en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 e finado na mesma cidade o 13 de setembro de 1996, o historiador, escritor e erudito Xosé Fernando Filgueira Valverde foi, polo caudal inxente e a importancia da súa obra, unha das figuras centrais na vida cultural galega do século XX.



7 Maio

### Inauguración Exposición

19:00h–Salón Leocadia Boullosa

Inauguración da Exposición

*Peregrinatio*

*O Camiño de San Francisco a Santiago*


Organizada pola Sociedade A. de Xestión do Plan Xacobeo

Unha mostra fotográfica acompañada dun vídeo con música orixinal, coa que se celebra o VIII centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Compostela.

Estivo en varias cidades de Italia, Francia e España, e agora, por primeira vez en Portugal, na Xuventude de Galicia–Centro Galego de Lisboa.

Poderá ser visitada ata o día 30 de maio

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



9 Maio

### Asemblea Xeral Extraordinaria

15:30h–Biblioteca Manuel Boullosa

Conforme convocatoria en anexo



Máis informacións: Nos separadores “Estatutos” e “Normativa” da nosa web, na secretaria do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)

#### Nesta edición:

Xosé Filgueira Valverde	1
Inauguración Exposición	1
Asemblea Xeral Extraordinaria	1
Conferencia	1
Coral Polifónica	2
Presentación Libro	2
Foliadas	2
Novo horario Secretaría	2
Restaurante Álvaro Cunqueiro	2
Cotas socios/as	2

15 Maio

### Conferencia

19:00h - Biblioteca Manuel Boullosa

Conferencia conmemorativa do Día das Letras Galegas 2015 e integrada no De 15 a 15 | Curso de Cultura Galega Actual

*“A traxectoria intelectual de Xosé Filgueira Valverde”*

Pola investigadora

Cristina Martínez Tejero

(Grupo Galabrar–Universidade Santiago Compostela)

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



**Actuación Coral Polifónica**

18:00h - Salón Gabino Castro Gil  
 Concerto pola  
 Coral Polifónica Lembranzas de Santa Cruz  
 Dirixida polo Mestre  
 D. Salvador Gascón Serra



Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



Xurxo Souto  
**Contos do mar de Irlanda**



XERAI  
 narrativa

**Presentación Libro**

19:00h - Biblioteca Manuel Boullousa

Presentación do libro  
 "Contos do mar de Irlanda"  
 de  
 Xurxo Souto  
 (músico e escritor)

Xurxo Souto é unha das figuras máis coñecidas e importantes da cultura galega actual. Con máis de vinte anos de traxectoria no mundo da música, o que foi líder de Os Diplomáticos de Monte Alto e principal cabeza visíbel do Movemento Bravú, ten desenvolvido nas últimas décadas importantes labores de dinamización e divulgación da cultura galega en diferentes medios de comunicación, como a Radio Galega ou a Cadena Ser.

Na súa faceta literaria, Xurxo Souto ten optado maioritariamente polo relato breve, construíndo un estilo en que se mesturan a cultura oral e popular, o sentido do humor e a reivindicación da memoria comunal galega.

"Contos do mar de Irlanda", publicado por Xerais, é o seu quinto libro publicado e recibiu o "Premio Irmandade do libro" (concedido pola Asociación Galega de Editores) ao mellor libro de 2014.

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



Juventude de Galicia  
 Centro Galego de Lisboa

**Foliadas**

Cada 15 días hai foliadas no Restaurante Álvaro Cunheiro  
 Infórmate e participa

Secretaría Centro, polo 21 885 36 80 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)

**Novo Horario Secretaría**

Por motivos de organización interna estes son os novos horarios de Secretaría

Xuventude de Galicia Centro Galego de Lisboa		<b>HORARIO SECRETARIA</b>			
DIA	MANHÃ/MAÑA	ALMOÇO XANTAR	TARDE/TARDE		
SEG/LUN	11:30 14:00		15:00 20:00		
TER/MAR	12:00 14:00	15:00 21:30			
QUA/MÉR	11:00 14:00	15:00 20:00			
QUI/XOV	11:00 14:00	15:00 20:30			
SEX/VEN	10:30 14:00	15:00 19:00			



**RESTAURANTE**  
**ALVARO CUNQUEIRO**  
 Xuventude de Galicia-Centro Galego de Lisboa

**Agora**  
**aberto tódolos días.**

**Visítanos**

Restaurante Álvaro Cunheiro,  
 Telf.: 21 882 13 92

**Cota socio/a**

Si non podes achegarte a Secretaría no seu horario de funcionamento, de luns a venres o si non che cadra pasar durante a semana polo Centro, sempre que queiras poderás actualizar as túas cotas por transferencia bancaria.

Sempre que o fagas agradecemos que discrimines na transferencia o teu nº de socio e/ou o nome e nos mandes o comprobatorio (por exemplo por correo electrónico).

Para a nosa Casa, as cotas dos socios son de unha grande axuda para o día a día

Juventude da Galiza—Centro Galego de Lisboa  
 NIB: 001 800 000 090 063 100 189  
 Banco Santander Totta

Informacións: Secretaría do Centro polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)

